

## PROCEDIMIENTO DE CONSTITUCIÓN DO CONSORCIO

1. Iniciación: O expediente para a constitución do consorcio local iníciárase cos acordos das entidades locais promotoras, por maioría absoluta (artigo 150.2 da Lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en diante LALGA).
2. Comisión Xestora: mediante ditos acordos, cada concello designará un representante que pasará a formar parte da Comisión Xestora encargada de redactar os estatutos (artigo 150.3 LALGA).

Pola súa parte, o Consello da Xunta de Galicia acorda que a Administración Autonómica forme parte do consorcio local, designando tamén un representante que pasará a formar parte da Comisión Xestora (artigo 196.3 LALGA).

Doutra banda, é preciso, se é o caso, o acordo das entidades privadas consorciadas sen ánimo de lucro, adoptado polo órgano competente, segundo os seus estatutos, e a designación por este órgano dun representante na Comisión Xestora.

A Comisión Xestora encárgase de:

- Tramita-lo expediente de constitución do consorcio.
- Elaboración dos estatutos.

3. Procedemento: o procedemento a seguir será o seguinte (artigo 151.1 LALGA):
  - a) Elección de presidente da Comisión Xestora entre os membros dela, actuando como secretario deste órgano o do concello ao que pertenza o presidente.
  - b) Aprobación inicial dos estatutos pola Comisión Xestora (art. 139 LALGA).
  - c) Aprobación provisional por unha Asemblea integrada por **tódolos concelleiros dos concellos interesados** na constitución do consorcio e, no seu caso, polo representante designado pola Deputación Provincial, e/ou

pola Xunta de Galicia, e/ou polas entidades privadas consorciadas sen ánimo de lucro.

- d) O proxecto de estatutos provisionalmente aprobado someterase a informe da Deputación e a información pública, por prazo dun mes.
- e) Despois do trámite de información pública e antes da aprobación definitiva dos estatutos, remitiranse estes á Dirección Xeral de Administración Local para que proceda a emisión do seu informe, xunto coa documentación anteriormente referida, incluída copias cotexadas dos estatutos das entidades privadas consorciadas, e o informe da Deputación Provincial ou a acreditación da recepción do mesmo e a súa non emisión no prazo dun mes.
- f) Aprobación definitiva: dos estatutos no prazo de dous meses **polos plenos de tódolos concellos e da Deputación Provincial**, e por maioría absoluta, aprobaranse os estatutos no prazo de dous meses desde a emisión dos informes sinalados, ou transcorrido o prazo legal sen que estes se emitan (artigo 141.1 LALGA). Así mesmo aprobaranse polos órganos competentes das entidades privadas consorciadas.

Adoptados ditos acordos de aprobación definitiva o presidente da comisión xestora enviará certificacións acreditativas dos mesmos xunto co texto definitivo dos estatutos á Dirección Xeral de Administración Local. O Consello da Xunta de Galicia, mediante decreto, cando a Administración Autónoma é entidade consorciada, ou a Consellería competente en materia de réxime local mediante orde, publicarán no DOG as ditas disposicións xunto co texto íntegro dos estatutos (art.. 196.3 LALGA).

- 4. Sesión constitutiva do consorcio: dentro do mes seguinte ó da publicación dos estatutos, o alcalde do municipio onde radique a sede do consorcio convocará a tódolos representantes dos entes consorciados co obxecto de elixirlos órganos rectores e iniciar o funcionamento do consorcio (art. 141.3 da LALGA).

5. Inscripción no rexistro de entidades locais estatal e autonómico: o Presidente do consorcio comunicaralles á Administración Central do Estado e á Xunta de Galicia a constitución do consorcio ós efectos da súa inscrición nos Rexistros estatal e autonómico de entidades locais (Artigo 141.4 da LALGA).

**De conformidade co establecido no artigo 151 da Lei 5/1997 para a elaboración dos estatutos e para a creación de consorcios locais seguiranse as mesmas regras e o mesmo procedemento que se establece para as mancomunidades de municipios na lexislación estatal básica e nos artigos 137 e ss desta lei.**